

Defensa dos intereses de Galicia perante a UE

1º semestre de 2024

Informe para o Consello da Xunta de Galicia

Xullo de 2024

Índice

Resumo executivo	3
1. Galicia, nomeada Rexión Emprendedora Europea 2025	6
2. O inicio dun novo ciclo institucional 2024-2029	6
3. Futuro orzamento comunitario: perigo de centralización dos fondos de cohesión.....	7
4. Por unha transición climática xusta.....	9
5. Pesca: revisión da PPC e transición enerxética	10
6. Reacción da UE ás protestas do sector agrícola	10
7. Desenvolvemento da enerxía eólica.....	11
8. O novo regulamento de Restauración da Natureza: oportunidades e retos para Galicia	11
9. A lexislación europea relativa ao vertido de granulados do transporte marítimo	12
10. Estatuto de protección do lobo na UE.....	13
11. Presentación do traballo a prol do desenvolvemento da Intelixencia Artificial en Galicia	14
12. Revisión da Rede transeuropea de transporte.....	14
13. Por unha política industrial e de innovación baseada na integración dos ecosistemas rexionais.....	15
14. Reforzo do papel da UE a escala mundial	16
15. Encontros virtuais Xunta-UE.....	16
ANEXO I – Listado de reunións ás que asistiu a FGE en Bruxelas.....	18
ANEXO II– Oportunidades detectadas e expedientes ou debates obxecto de seguimento.....	44
ANEXO III - Listado de siglas	65

Resumo executivo

Este informe resume a acción de Galicia na UE durante o primeiro semestre de 2024, centrándose, sobre todo, nas actividades da oficina de representación galega en Bruxelas, a Fundación Galicia Europa (FGE), que traballa da man da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e en coordinación con diferentes departamentos dos sector público autonómico.

Trátase de actividades dirixidas a garantir a contribución da Xunta de Galicia aos debates europeos, mediante a achega da nosa experiencia e do noso coñecemento sobre o terreo. A participación autonómica nestes debates é fundamental, xa que, dadas as competencias como comunidade autónoma, a Xunta de Galicia é a responsables de aplicar gran parte da lexislación europea. A FGE fai seguimento dos debates na UE, analízalos dende a perspectiva galega e asesora á Xunta para canalizar as súas achegas ás instancias comunitarias.

No primeiro semestre de 2024, a FGE traballou en temas moi diversos dos que se destacan neste informe:

1. A designación de Galicia como **Rexión Emprendedora Europea 2025**, o que dará unha maior visibilidade á rexión en Europa e, en especial, ás súas iniciativas de apoio ao emprendemento rural.
2. O seguimento feito ao **cambio de ciclo institucional** e das novas prioridades políticas da UE para o período 2024-2029
3. A participación no debate sobre o **futuro orzamento comunitario**, cunha atención especial ao papel da política de cohesión dentro del.
4. A **defensa dunha transición climática xusta** que acompañe aos diferentes sectores económicos na súa transformación, con especial fincapé no automobilístico, responsable de preto do 14% do PIB galego
5. A demanda dunha auténtica **revisión da Política Pesqueira Común**, tras dez anos de vixencia
6. O seguimento da reacción da UE ás **protestas do sector agrícola** de principios de ano
7. A traslación a nivel comunitario da preocupación da Xunta de Galicia pola situación de bloqueo que vive o **sector eólico en Galicia**, malia o seu gran potencial e a forte determinación da UE de promover as enerxías renovables.
8. A análise das oportunidades e retos para Galicia do novo **regulamento de Restauración da Natureza**
9. A análise da lexislación europea aplicable ao **vertido de granulados no mar** con motivo do vertido que chegou ás costas galegas a finais de 2023.

10. A defensa dunha xestión proporcional dos **grandes carnívoros** que facilite a súa convivencia coa actividade agraria
11. A presentación do traballo feito en Galicia a prol do desenvolvemento da **Intelixencia Artificial**
12. A análise da **revisión da Rede Transeuropea de Transporte** dende unha perspectiva galega
13. A defensa dunha **política industrial e de innovación** integradas de cara ao futuro Pacto Europeo pola Competitividade
14. O achegamento ao **novo enfoque da UE en materia de cooperación con países terceiros**
15. A organización de catro **encontros virtuais** organizados entre a UE e a Xunta de Galicia

No **anexo I**, recóllese un listado con **135 reunións** ás que asistiu o persoal e os bolseiros da FGE en Bruxelas cunha breve explicación do interese de cada unha delas para a defensa dos intereses galegos perante a UE. Trátase, por exemplo, de reunións organizadas pola rede informal de colaboración entre Oficinas Rexionais en Bruxelas (CORE), que permiten unha mellor interlocución coas institucións europeas e coa Representación Permanente de España ante UE (REPER) para obter información de primeira man do traballo de España no Consello. Este semestre, a oficina de Castela A Mancha ante a UE coordinou os traballos de CORE. Tamén se recollen as reunións do Comité Europeo das Rexións, nas que a FGE presta apoio técnico e loxístico para a participación do representante galego: o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo.

No Anexo II, recóllense os **55 expedientes legislativos ou debates políticos** dos que informou a FGE á Xunta de Galicia, así como as máis de **60 oportunidades** detectadas pola FGE para a participación da Xunta de Galicia nos asuntos comunitarios, das que destacamos:

- As consultas públicas da Comisión Europea de especial interese para Galicia: arrastre de fondo, rede de datos de sustentabilidade agrícola, avaliación do FEMPA...
- A posibilidade de contribuír a ditames do CdR especialmente relevantes: enerxía eólica, transición xusta, vertido de pellets...
- A solicitude de contribución aos traballos de *lobby* da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) en materia de innovación, turismo, transición enerxética da pesca...
- A posibilidade de participar en seminarios especialmente orientados ás rexións (Ex. novo pacto migratorio europeo, medicina personalizada) e en grandes eventos como *Connecting Europe Days*, o Día Marítimo Europeo ou a Conferencia Transición Xusta.
- As convocatorias de premios, como o de Rexión Emprendedora Europea ou o de Agricultura Ecolóxica, e de financiamento comunitario, como a do programa piloto de desemprego longa duración.

- A posibilidade de intervir en debates europeos, como o debate co comisario de Agricultura na comisión NAT do CdR.

Máis información sobre a participación de Galicia nos asuntos europeos en fundaciongaliciaeuropa.eu e nos [boletíns mensuais de información](#) da FGE (último de [xullo de 2024](#)).

1. Galicia, nomeada Rexión Emprendedora Europea 2025

A FGE leva varios anos animando a Xunta de Galicia a presentarse a este premio anual convocado polo Comité Europeo das Rexións (CdR), que xa recoñecera a 42 rexións europeas por mostrar unha estratexia de política empresarial sobresaliente e innovadora. Tralos contactos feitos en novembro co CdR con motivo da visita dunha delegación da Consellería de Emprego e despois de traballar a fondo na elaboración da candidatura, a mediados de marzo presentamos unha estratexia integral para impulsar o emprendemento no medio rural galego sobre a base de accións xa existentes e a posta en marcha doutras novas. **A estratexia persegue visibilizar a Galicia non urbana como un territorio cheo de oportunidades**, tanto para os residentes como para os galegos retornados ou calquera que elixa a nosa terra para establecerse.

O xurado, composto por representantes do CdR, Comisión Europea, o Comité Europeo Económico e Social, o Parlamento Europeo e varias organizacións europeas do eido empresarial elixiron a tres de entre as 11 candidaturas presentadas: a de Galicia, e máis a da provincia croata de Krapina Zagorje e a rexión polaca de Mazovia, na que se atopa Varsovia. Deste xeito, a Xunta de Galicia conta cun logo específico como Rexión Emprendedora Europea que servirá para dar **maior visibilidade da rexión en Europa, en especial, das súas iniciativas de apoio ao emprendemento rural**.

O conselleiro de Emprego, acompañado do secretario xeral de Emprego, [veu recoller o premio](#) durante o pleno do CdR de xuño. A FGE aproveitou esta visita para organizar reunións con dous eurodeputados galegos e coa [Dirección Xeral de Emprego](#) da Comisión Europea, nas que se abordou a formación para o emprego en Galicia con especial fincapé nas microcredenciais, a falta de relevo xeracional nos preto de 24.000 comercios existentes en Galicia e o uso da nova ferramenta EMI nas oficinas públicas de emprego.

2. O inicio dun novo ciclo institucional 2024-2029

A FGE está a facer un estreito seguimento da renovación do ciclo institucional tralas eleccións europeas de xuño, algo imprescindible para poder orientar as accións de defensa dos intereses de Galicia ante a UE. Así, elaborou unha [análise FGE](#) sobre o tema, varias noticias e dous [artigos de colaboración coa Revista ECO](#). Organizou tamén dous [encontros virtuais Xunta-UE](#): un con Sonia Vila, da unidade de asesoramento da presidenta da Comisión Europea, que serviu para facer balance das súas orientacións políticas durante o mandato 2019-2024, e outro con Jesús Carmona, director de Medios no Parlamento Europeo, para analizar a composición do Parlamento Europeo na décima lexislatura que agora comeza.

No [cumio europeo de xuño](#), os líderes europeos adoptaron a **Axenda Estratéxica 2024-2029**, un documento que ha de orientar os traballos das tres institucións comunitarias nos próximos anos. O compromiso da UE por converterse no primeiro continente climaticamente neutro segue intacto pero cun maior fincapé no reforzo

da competitividade. A nova realidade xeopolítica leva á UE a apostar decididamente pola industria de defensa e a estudar reformas internas no funcionamento e as políticas europeas para que a engrenaxe comunitaria sexa capaz de soste unha Unión máis grande e máis forte no futuro.

O papel dos entes subestatais na nova Axenda Estratégica foi debatido xa en marzo no [Cumio Europeo das Rexións e as Cidades](#) celebrado en Mons e na [comisión CIVEX](#), que elaborou un ditame sobre a subsidiariedade activa. En ambas reunións participou o representante galego co apoio da FGE.

3. Futuro orzamento comunitario: perigo de centralización dos fondos de cohesión

En xuño de 2025, a Comisión Europea ha de publicar a proposta de novo marco financeiro plurianual, para o que a Dirección Xeral de Orzamento (DG BUDGET) está a levar a cabo unha revisión xeral dos máis de 50 programas de financiamento existentes: de xestión directa, como Life; indirecta, como Invest EU a través do BEI ou compartida, como os fondos estruturais da Política Rexional.

Cómpre lembrar que o importe do orzamento comunitario é moi limitado : representa unicamente un 1% do PIB dos Estados membros en comparación co 15-25% que representan os orzamentos nacionais, unha porcentaxe que pode chegar ata o 50% se se teñen en conta os orzamentos das administracións subnacionais. Ademais, nos últimos anos, a Unión Europea está a desempeñar un papel máis relevante en ámbitos como a saúde, a dixitalización ou a coordinación económica, o que debería inducir a un aumento do orzamento que os Estados membros non parecen dispostos a levar a cabo.

Estes son os motivos que levan á Comisión Europea a facer unha revisión en profundidade de seu orzamento para dotalo de coherencia, rapidez, simplicidade e maior flexibilidade ante as crises. As chamadas políticas tradicionais da UE, a rexional e a política agrícola común, representan cadansúa preto dun terzo do orzamento e poderían verse desprazadas polas prioridades recollidas na axenda estratéxica: defensa, migración, competitividade, transición verde e dixital...

O sistema de xestión e control da política de cohesión é, ademais, cuestionado, en favor do sistema instaurado co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, máis áxil dende certos puntos de vista pero 100% centralizado nos Estados membros.

En todo este debate, a FGE está a participar en varias iniciativas para defender a necesidade dunha política rexional forte que siga implicando ás rexións no deseño e execución dos programas, tratando de recabar as achegas dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, sobre todo de Facenda, para defender os intereses galegos:

- **Comité Europeo das Rexións:** Galicia forma parte da súa Alianza pola Cohesión e asinou o [novo chamamento](#) publicado no Cumio de Rexións e Cidades de Mons.

O CdR foi a primeira institución en poñer sobre a mesa certas ideas para influír nos debates internos da Comisión Europea e agora está a traballar en varios ditames en resposta ao 9º informe de cohesión, sobre o futuro orzamento e sobre os desafíos demográficos. Jesús Gamallo participou nunha [reunión en maio](#) na que se reivindicaba a importancia da cooperación territorial dentro da política rexional, malia que hoxe so representa un 2,5% dos fondos.

- **Colaboración entre as oficinas rexionais españolas en Bruxelas (CORE):** a FGE coordina o grupo de traballo en materia de cohesión. Neste primeiro semestre organizou dúas reunións coa REPER e outra cunha xefa de unidade de DG BUDGET, o que permitiu ter coñecemento de primeira man da revisión do actual Marco Financeiro Plurianual acordada en febreiro, do papel do Tribunal Europeo de Contas neste debate e do traballo interno da Comisión Europea.
- **Carta a Von der Leyen:** a FGE sumouse a unha iniciativa informal pola que máis de 120 rexións europeas mandaron en maio unha [carta](#) á presidenta da Comisión Europea coa mesma demanda. Posteriormente, fixéronlla chegar aos 720 eurodeputados antes da súa revalidación como presidenta. A FGE representa a CORE nesta iniciativa, tendo coordinado o apoio das CCAA e mandado aos 61 eurodeputados españois a carta en cuestión.
- **CRPM :** o comité directivo desta rede na que Galicia participa dende hai máis de 30 anos adoptou en marzo un primeiro posicionamento e agora está a traballar en dous informes técnicos. Ademais, publicou unha serie de estudos sobre o posible impacto da futura ampliación sobre a política de cohesión, sobre a trampa do desenvolvemento (rebatendo este concepto utilizado pola Comisión) e sobre o MRR, no que pon en cuestión a idea de que a súa xestión sexa máis sinxela ou eficiente que a política de cohesión. A FGE participou en catro reunións do grupo de Cohesión da CRPM para contribuír dende a perspectiva galega.
- **Rede de rexións afectadas polo cambio demográfico (DCRN):** a FGE forma parte desta rede informal cuxo obxectivo é incluír a transición demográfica na axenda europea como a terceira transición que a UE debe afrontar e lembrar o importante papel da política de cohesión para axudar ás rexións a facer fronte ás consecuencias do cambio demográfico. En 2024, asistimos a tres reunións (acollendo un delas na oficina), froito das cales resultou unha declaración para posicionar á rede no debate sobre o futuro orzamento.

A FGE publicou unha [análise](#) dende a perspectiva galega sobre os datos recollidos no 9º Informe de Cohesión publicado pola Comisión Europea. Galicia é unha das rexións europeas cun ritmo de crecemento económico máis alto nos últimos 20 anos, aínda que a taxa de pobreza e de desocupación continúa por riba da media europea. O informe sinala tamén que Galicia ten un gran potencial de produción de enerxías renovables desaproveitado.

4. Por unha transición climática xusta

Para moitos territorios, a transición ecolóxica supón unha transformación en profundidade das súas economías, cambios estruturais nos modelos de negocio e novas necesidades en materia de capacidades laborais.

Co obxectivo de acompañar ás rexións nesta transformación, a UE estableceu en 2021 un Mecanismo de Transición Xusta (MTX), dirixido ás rexións dependentes do carbón e intensivas en carbono, que contan con industria como as do aceiro, aluminio ou produción de papel. O MTX ten previsto mobilizar durante o período 21-27 preto de 55 000 millóns de euros en investimentos públicos e privados a través dos seus tres pilares: un apartado específico dentro do programa de investimentos “InvestEU”, un instrumento de préstamos ao sector público e o Fondo de Transición Xusta (FTX), do que Galicia é beneficiaria.

A Coruña, por ter sido identificada como zona de transición xusta debido aos peches das centrais térmicas de As Pontes e Meirama, recibe 111 millóns de euros -dos 879 correspondentes a España- do FTX, que se están a investir en reconversión industrial, apoio empresarial, capacitación, infraestruturas sostibles, etc. A **FGE fai seguimento da execución deste fondo** de cara ao debate sobre o futuro MFP.

A FGE tamén esta atenta ás **posibilidades de modificación das actuais Directrices sobre axudas estatais de finalidade rexional (DAR)**, que nas zonas de transición xusta permiten unha flexibilización do réxime de axuda a grandes empresas. Segundo as DAR 21-27, existe unha notable diferenza entre o marco aplicable en Galicia e o do Norte de Portugal, o que provoca unha situación de desigualdade de condicións para as empresas dentro da Euro-rexión.

Un dos sectores que se quedou fóra do ámbito de aplicación do Fondo de Transición Xusta durante as súas negociacións foi o da **automoción**, a pesar dos grandes cambios que terá que asumir nun período moi curto de tempo, dado que este ano se confirmou o 2035 como data a partir da cal no mercado da UE só poderán venderse turismos e vehículos comerciais lixeiros novos de cero emisións. En Galicia, a industria do automóbil representa preto do 14% do seu PIB e emprega a máis de 25 000 persoas, o que se corresponde con case o 14% de todo o seu emprego industrial.

A importancia deste sector para a nosa rexión, xunto co momento de transformación que este está vivindo, levaron á FGE a formar parte de dous foros rexionais auspiciados polo CdR, nos cales se impulsan todas aquelas iniciativas que fomentan unha transición xusta para as rexións automobilísticas europeas, en colaboración coas institucións europeas e outras partes interesadas. Trátase do **Grupo Interrexional sobre o futuro do automóbil (CoRAI)**, do que Galicia é membro dende a súa creación en 2009, e da **Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA)**, da que Galicia é unha das rexións fundadoras. En 2024, a FGE está a traballar para preparar a súa asemblea política, que terá lugar a finais de novembro en Lombardía e na cal se agarda a participación dun representante galego.

No CdR, a FGE participou na consulta pública previa á elaboración dun ditame sobre **transición xusta que será aprobado na sesión plenaria de outubro**. Entre as reivindicacións galegas enviadas ao CdR, atópanse a petición dun financiamento suficiente para a transición xusta, a necesidade de flexibilizar o marco regulador das axudas estatais para as empresas afectadas e a demanda de que os instrumentos financeiros deseñados para apoiar a transformación dos sectores produtivos presenten mecanismos de colaboración eficaces entre diferentes niveis de goberno.

5. Pesca: revisión da PPC e transición enerxética

Galicia está a copresidir xunto con Bretaña o Grupo de Pesca da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, polo que en abril unha delegación da Consellería de Pesca mantivo [reunións con varios eurodeputados](#) para solicitar unha verdadeira revisión da Política Pesqueira Común no próximo ciclo institucional, tal e como reclama o ditame liderado por Galicia no CdR o ano pasado.

Estes movementos deron os seus froitos pois en xuño a Comisión Europea abriu un prazo para enviar comentarios con vistas a avaliar a aplicación do actual Regulamento da Política Pesqueira Común durante a última década. O exercicio que vai facer a Comisión Europea determinará se se cumpriu o obxectivo de garantir que a pesca e a acuicultura sexan sostibles dende o punto de vista ambiental e se xestionan de forma coherente co obxectivo de xerar beneficios económicos, sociais e de emprego. Galicia e Bretaña lideran a resposta conxunta das rexións periféricas e marítimas a esta consulta e preparan a organización dun seminario en setembro para abordar esta cuestión.

Ademais, a Xunta de Galicia está participando nas reunións da Alianza para a Transición Enerxética, posta en marcha o pasado ano co obxectivo de elaborar unha folla de ruta con fitos e accións medibles para facer avanzar o sector pesqueiro e acuícola cara á neutralidade climática en 2050. A Xunta defende que este proceso se leve a cabo dunha forma realista, asumible e contando co máximo apoio por parte da UE.

6. Reacción da UE ás protestas do sector agrícola

Ante as protestas do sector de principios de ano, as institucións europeas reaccionaron con varias iniciativas, como a retirada da proposta legislativa sobre praguicidas ou a modificación do regulamento da PAC 23-27 co obxectivo de simplificar a carga administrativa e introducir maior flexibilidade para cumprir cos requirimentos ambientais.

No CdR traballouse en dous ditames: un sobre [a xestión de riscos](#) e a regulación do mercado agrícola e outro sobre o [futuro da PAC](#), coincidindo co chamado “diálogo estratéxico” que a Comisión Europea iniciou co sector a principios de ano. A ambos contribuíu a Xunta de Galicia, avogando por un enfoque máis descentralizado da PAC, no que as rexións poidan elaborar a súa propia estratexia e destinar os fondos ás actuacións máis adaptadas ás características dos seus territorios e sectores agrarios.

En marzo, o representante galego tivo a [oportunidade de explicar ante o comisario de Agricultura a posición galega](#) neste debate, referíndose á rendibilidade das explotacións, a complexidade administrativa e a competencia desleal como principais problemas do sector agrario.

7. Desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia

Galicia conta con 183 parques eólicos e unha potencia instalada de case 4 000 MW, un 13% do total nacional. Porén, nos últimos tres anos, a industria eólica apenas despregou 36 MW debido, principalmente, ao bloqueo xudicial decretado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG). A situación provocada tanto pola cuestión prexudicial que será presentada en breve como polas sucesivas suspensións da eficacia das autorizacións administrativas recibidas por determinados parques eólicos implica unha paralización permanente na rexión dos proxectos de xeración eólica.

Isto contradí o espírito da normativa europea aplicable (a directiva de enerxías renovables), que vén de ser modificada para alentar o desenvolvemento de enerxías renovables e simplificar os procedementos administrativos de autorización para a súa instalación. Dada a manifesta preocupación do Goberno galego, a FGE está a organizar varias reunións en Bruxelas para a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático co obxectivo de dar visibilidade a esta cuestión a nivel europeo e coñecer as implicacións da futura cuestión prexudicial.

8. O novo regulamento de Restauración da Natureza: oportunidades e retos para Galicia

A pesares de que a UE leva varias décadas protexendo a natureza sobre a base da Directiva Hábitats e da Directiva Aves (as impulsoras da Rede Natura 200), o Informe sobre o estado da natureza publicado pola Comisión Europea en 2020 subliñaba que aínda non se logrou “frear o declive das especies e tipos de hábitats protexidos”. Así, o 81% dos hábitats na UE está en mal estado, así como entre o 60% e o 70% dos solos.

Calcúlase que un 50 % do PIB mundial está ligado á natureza e aos servizos que presta, polo que restaurar a natureza significa apoiar a recuperación dos ecosistemas degradados ou destruídos mellorando a súa estrutura e funcións, co obxectivo de mellorar a resiliencia e a biodiversidade na natureza. Entre outras cousas, uns ecosistemas saudables garanten o aumento da produtividade agrícola, unha maior resistencia ao cambio climático e a redución do risco de inundacións, secas e ondas de calor, con todos os custes que iso conleva.

A nivel internacional, o Marco Global de Biodiversidade Kunming-Montreal, subscrito en 2022, fixa como metas concretas para 2030 a protección do 30% da superficie terrestre e mariña e a restauración do 30% dos ecosistemas degradados. 2021-2030 está declarada por Nacións Unidas como a Década para a Restauración de Ecosistema

co obxectivo de previr, deter e reverter a degradación dos ecosistemas en todo o mundo.

Tendo isto en conta, a Comisión Europea propuxo en 2022 un Regulamento sobre a restauración da natureza, que, tras un arduo debate no Parlamento Europeo e o Consello, foi finalmente aprobado o pasado mes de xuño, converténdose no **primeiro acto xurídico europeo que regula medidas de restauración e non só de conservación da natureza**. O regulamento establece un obxectivo colectivo da Unión de restaurar polo menos o 20% das áreas terrestres e mariñas 2030 e todos os ecosistemas que necesiten restauración de aquí a 2050. Os Estados membros deben desenvolver Plans Nacionais de Restauración que detallen como cumprirán cos obxectivos de restauración.

Con esta nova norma, a UE pretende impulsar a creación de empregos verdes en zonas rurais e o desenvolvemento de novas tecnoloxías para a restauración ecolóxica, aumentar a produtividade agrícola coa recuperación de polinizadores e a restauración de solos, ademais de reducir os custes producidos polos desastres naturais.

A FGE fixo seguimento de todo o proceso de negociación deste regulamento, dada a posibilidade de que o texto final ampliase os espazos mariños protexidos e seguise a liña doutros actos europeos, como o Regulamento de execución 2022/1614, que ten como obxectivo pechar o acceso a artes pesqueiras de fondo en zonas consideradas vulnerables. Aínda que isto finalmente non aconteceu, a FGE promoveu, xunto coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, un [encontro virtual dedicado á restauración da natureza](#), no que se incidiu na necesidade de garantir a “convivencia entre a protección da riqueza ambiental de Galicia e o futuro das principais actividades económicas que se levan a cabo no territorio”, reiterando a aposta do Goberno galego por garantir o equilibrio entre a conservación da biodiversidade e o desenvolvemento dos sectores produtivos.

O 42% do territorio galego atópase amparado por algún tipo de protección da natureza, estando o 12% cuberto pola rede Natura 2000, rede que na UE cobre preto do 18 % do territorio terrestre e do 10 % das augas mariñas.

Máis información na [análise FGE “Regulamento de restauración da natureza”](#)

9. A lexislación europea relativa ao vertido de granulados do transporte marítimo

No seu camiño ao porto neerlandés de Rotterdam, o buque *Toconao*, de bandeira liberiana, perdeu en decembro seis contedores de carga a 80 km de Viana do Castelo. Estímase que **o buque verteu unhas 26 toneladas de granulados de plástico, que poucos días despois comezaron a chegar ás praias galegas**, así como ao resto da costa norte española.

A perda de granulados constitúe unha das principais fontes de liberación non intencionadas de microplásticos na UE (entre 52 000 e 184 000 toneladas en 2019). Debido a isto, a Comisión Europea propuxo en outubro de 2023 unha normativa específica, baixo a forma xurídica de regulamento, sobre a contaminación por granulados, a cal impón unha serie de obrigas aos operadores económicos e aos transportistas. Así e todo, esta proposta non comprende o transporte marítimo, polo que, mesmo no suposto de que a normativa tivera entrado en vigor, non se podería ter aplicado á contaminación producida nas costas galegas.

Co ánimo de fomentar a inclusión do transporte marítimo no texto final do regulamento, a FGE manifestou este interese nas súas **contribucións como rexión interesada ao ditame específico aprobado na Comisión de Medio Ambiente, Cambio Climático e Enerxía (ENVE) do Comité Europeo das Rexións**. Así mesmo, xunto co resto de rexións atlánticas da CRPM, colaborou na redacción dunha carta enviada ao comisario de Medio Ambiente para intentar influír na ampliación do ámbito de aplicación do regulamento. Durante a presidencia húngara (xullo-décembro de 2024), España intentará que esta cuestión sexa incluída na orientación xeral do Consello de Medioambiente, necesaria para comezar un diálogo a tres bandas (trílogos) co Parlamento Europeo e coa Comisión Europea.

Máis información na [Análise FGE](#) sobre a lexislación europea aplicable a esta cuestión.

10. Estatuto de protección do lobo na UE

O Goberno de España considera que a evolución da poboación do lobo é desfavorable no período 2013-2018, polo que en 2021 incluíu a todas as poboacións de lobos na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESPRE), o que na práctica implica a imposibilidade de calquera medida de control fronte á especie.

Dende aquela, **a FGE traballa en Bruxelas, xunto con outras rexións europeas, para abordar este tema co comisario de Medio Ambiente, o Parlamento Europeo e as asociacións agrarias a nivel europeo**, conseguindo que a Comisión presentara, en decembro de 2023, unha proposta de Decisión do Consello para adaptar o estatuto de protección do lobo en virtude do Convenio relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural en Europa (Convenio de Berna), unha condición previa para calquera modificación similar do seu estatuto a escala da UE.

Aínda que o executivo comunitario propón que o lobo pase a estar “protexido” no canto de “estritamente protexido”, son os Estados membros os que teñen que ratificar esta decisión. Polo de agora, existen dúas minorías de bloqueo no Consello que impiden acadar a maioría cualificada, atopándose España entre os gobernos que rexeitan a proposta. Así mesmo, esta cuestión non se atopa entre as prioridades da presidencia húngara, polo que non se agarda demasiado debate no Consello ao respecto.

En abril, [o CdR aprobou un ditame sobre os grandes carnívoros](#), que avoga por lograr un equilibrio entre a protección de especies como o oso, o lince ou o lobo, e a dos seres humanos e as actividades agrícolas nas zonas rurais. Mediante a presentación de 13 emendas, a Xunta de Galicia incidiu na necesidade de avaliar periodicamente o estado de conservación destas especies para garantir niveis de protección e xestión adecuados, e solicitou un maior apoio público para que as comunidades rurais e os agricultores poidan aplicar medidas de prevención axeitadas e facer fronte aos danos causados por grandes carnívoros.

11. Presentación do traballo a prol do desenvolvemento da Intelixencia Artificial en Galicia

A FGE organizou unha [axenda de reunións en Bruxelas](#) para o director da Axencia de Modernización de Galicia (AMTEGA) con motivo da aprobación final do regulamento europeo de IA a principios de abril. Así, puido reunirse con representantes da REPER, a Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Comité Europeo das Rexións.

No marco da Estratexia Galicia Dixital 2030, a delegación galega reafirmou a súa vocación de consolidarse como unha rexión de referencia en intelixencia artificial, como así o demostra a primeira lei rexional europea para o desenvolvemento e promoción da IA que vén de propoñer a Xunta, a atracción cara a Galicia da Axencia Estatal de Supervisión de IA, a aprobación da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial ou a creación dunha comisión de expertos para o asesoramento no desenvolvemento e uso ético da intelixencia artificial na nosa comunidade.

A raíz destas reunións, a AMTEGA foi invitada a participar nun [seminario](#) organizado en maio polo Comité Económico e Social Europeo sobre o despregamento da IA nas rexións europeas e asesorou á unha membro deste órgano para a redacción dun ditame sobre esta cuestión. Tamén está a contribuír a dous ditames que está a elaborar o CdR sobre a IA.

12. Revisión da Rede transeuropea de transporte

Tras tres anos de debates, as institucións europeas chegaron a un acordo sobre a revisión da Rede Transeuropea de Transporte, a rede multimodal que conecta 424 grandes cidades europeas. Este acordo representa o compromiso político de cada Estado para implantar as infraestruturas incluídas nos mapas do regulamento malia que a Comisión tratou, sen éxito, que o regulamento tivese un carácter máis vinculante para poder emprender, eventualmente, procedementos de infracción aos Estados que non cumpran os seus compromisos. Lonxe diso, o regulamento final recolle a salvagarda de que os Estados poidan alegar razóns financeiras para xustificar a non execución dos seus compromisos.

Como novidades para Galicia, figura a inclusión do AVE Vigo-O Porto para pasaxeiros como parte da rede principal ampliada e como parte do Corredor Atlántico, é dicir, que España e Portugal se comprometen a executar esta infraestrutura antes de 2040

e que o Foro do Corredor Atlántico a vai integrar no seu plan de traballo co obxectivo de facer un estreito seguimento da súa execución.

A conexión ferroviaria Lisboa-Madrid, pola súa parte, mantense como está desde 2013: dentro da rede principal a concluír en 2030. Desde o ano pasado España e Portugal están a traballar coa Comisión Europea nun acto de execución que facultará a esta a facer un maior seguimento desta conexión. Trátase do primeiro acto deste tipo no Corredor Atlántico. Estes actos de execución constitúen unha nova ferramenta para que a Comisión Europea se implique máis na execución da RTE-T, aínda que unicamente son aplicables para os proxectos transfronteirizos como o de Vigo-Oporto.

A través do contacto directo co Parlamento Europeo e co Estado e indirectamente, a través da CRPM, a FGE vehiculó as demandas da Xunta de Galicia durante as negociacións do novo Regulamento RTE-T que proximamente entrará en vigor. Agora, corresponde aos Estados membros impulsar o desenvolvemento das infraestruturas recollidas nel. Neste contexto inscribíse o [Plan Director do Corredor Atlántico](#) presentado en maio polo Goberno de España.

A FGE asistiu a dúas reunións coa REPER, unha de CORE, dúas da CRPM (que está a elaborar un posicionamento para reclamar máis financiamento para o transporte a partir de 2027) e o foro anual da Dirección Xeral de Mobilidade, os *Connecting Europe Days*, que este ano se celebraron en Bruxelas por mor da Presidencia belga.

Máis información na [Análise FGE sobre a revisión da Rede Transeuropea de Transporte](#)

13. Por unha política industrial e de innovación baseada na integración dos ecosistemas rexionais

A directora de GAIN participou en xuño no [comité executivo da rede Vanguard Initiative](#) (VI), unha rede na que participa Galicia desde 2015 xunto a outras 39 rexións europeas para impulsar a innovación en sectores industriais clave a partir das fortalezas e as capacidades tecnolóxicas de cada rexión.

De cara ao próximo ciclo institucional e o futuro Pacto pola Competitividade demandado polo Consello Europeo, a VI reclama á UE unha **política industrial e de innovación integrada e baseada en ecosistemas rexionais interconectados**. Demanda tamén novas ferramentas para conectar a I+D+i ao desenvolvemento industrial, utilizar a especialización intelixente rexional como motor para configurar cadeas de valor innovadoras da UE e que as pemes e startups sexan o centro desa nova política de innovación e industria integrada.

Desde a súa creación hai unha década, VI fomenta a innovación, a colaboración e o novo crecemento industrial en toda Europa. O seu modelo de colaboración interrexional ao longo das cadeas de valor industriais, baseado nos principios de

especialización intelixente, inspirou o desenvolvemento das políticas da UE, en particular as plataformas temáticas de especialización intelixente e a súa metodoloxía en 4 pasos (*LEARN, CONNECT, DEMOSTRATE, SCALEUP*), así como o Instrumento de Investimento Interrexional en Innovación (I3), posto en marcha en 2021 con 570 millóns de euros.

Recentemente, VI lanzou a súa propia ferramenta de financiamento para apoiar proxectos de innovación das pemes: VInnovate, na que participa a Xunta de Galicia.

14. Reforzo do papel da UE a escala mundial

Durante este semestre, a FGE puxo especial atención na acción exterior da Unión Europea, comezando cun [encontro virtual en febreiro](#) dedicado ao novo enfoque da UE para a cooperación con países terceiros: a axenda “*Global Gateway*”, que ten como obxectivo fortalecer as conexións nos ámbitos dixital, enerxético e de transporte, e mellorar os sistemas de saúde, educación e investigación a nivel global. O seu obxectivo é mobilizar ata 300.000 millóns de euros entre 2021 y 2027 procedentes de fontes públicas e privadas. Mostra deste novo enfoque é o proxecto Tamsall, para o reforzo da capacidade institucional e administrativa dos municipios libios, cuxo [acto final](#) clausurou Jesús Gamallo en representación do CdR.

Nun contexto moi diferente, a do conflito en Oriente Próximo, a FGE fixo un seguimento da posición da Unión Europea respecto á **Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina (UNRWA)**, tras as acusacións feitas por Israel. Despois dunha breve suspensión temporal, a UE comprométese a seguir apoiando o mandato e as operacións da UNRWA mentres se busca unha solución duradeira para os refuxiados palestinos.

Por último, a FGE apoiou a participación do representante galego no [grupo de contacto entre o Comité Europeo das Rexións e o Reino Unido](#), que abordou a falta de participación dos entes locais e rexionais no Acordo de Comercio e Cooperación entre a UE e Reino Unido, o marco que dende 2021 regula as relacións entre ambos bloques. O papel dos entes subnacionais non está recoñecido formalmente no acordo, malia as grandes repercusións territoriais e competenciais deste convenio a nivel rexional e local.

15. Encontros virtuais Xunta-UE

Durante os seis primeiros meses de 2024, a FGE organizou catro encontros virtuais nos que diversos representantes das institucións europeas interviñeron para explicar á administración galega o programa de traballo da Comisión Europea, a nova estratexia de acción exterior da UE (*Global Gateway*), o recentemente aprobado Regulamento relativo á restauración da natureza e os resultados das eleccións europeas celebradas este ano.

Co ánimo de fomentar as sinerxías con estes actores comunitarios, en cada encontro virtual explicouse o traballo desenvolvido en Galicia relacionado coas políticas europeas. A FGE elabora un informe posterior con esta perspectiva que remite a interlocutor europeo, algo que resulta de especial importancia nestes momentos de renovación institucional, xa que os funcionarios europeos terán que trasladar aos seus novos altos cargos aquelas informacións de relevancia recompiladas ao longo deste tempo

ANEXO I – Listado de reunións ás que asistiu a FGE en Bruxelas

Data	Organizador	Nome	Resumo
12/01/2024	REPER	Inicio de la coordinación de Canarias en el Consejo de Pesca	Programa de la Presidencia belga. Transposición sobre la Propuesta para una Regulación sobre la Comisión de Pesca del Atlántico Nordeste.
16/01/2024	RED	RED Brussels	Reunión de RED, una red informal de mujeres españolas que trabajan en el ámbito comunitario. El acto contó con la intervención de la corresponsal de la COPE en Bruselas.
